

JAMES VERSUS GRAMSCI



a plasticidade do mundo e a
dialéctica da vontade

Xoán HERMIDA GONZÁLEZ

Xoán Hermida González
Master “filosofía e novas tendencias” USC
decembro de 2.010

”O problema de si ao pensamento humano se lle pode atribuír unha verdade obxectiva, non é un problema teórico, senón un problema practico. É na practica onde o home ten que demostrar a verdade, e dicir, a realidade e o valor, a terrenalidade do seu pensamento. O litixio sobre a realidade ou irrealidade de un pensamento que se ailla da practica, é un problema puramente escolástico”¹

K. Marx; Teses sobre Feuerbach; 1845

INDICE:

- 0. INTRODUCCIÓN. JAMES E GRAMSCI DOUS PESIMISTAS CARGADOS DE OPTIMISMO**
- 1. CONEXIÓN [E DESCONEXIÓN] ENTRE O PENSAMENTO DE WILLIAN JAMES E ANTONIO GRAMSCI**
- 2. CONCLUSIÓN**
- 3. APENDICES:**
 - **WILIAM JAMES. PRAGMATICA**
 - **ANTONIO GRAMSCI. INTRODUCCIÓN Á FILOSOFÍA DA PRAXE**

Nota Previa: como se vai a falar dun autor – Gramsci – marxiano, faise necesario aclarar que o pensamento de Marx – tamén o de Gramsci – é un pensamento poliédrico, aínda que non por elo incoherente -. Afirmase isto porque o Marx que interesa a Gramsci é o Marx filósofo e o Marx científico, obviamente estas facetas están no seu pensamento ligadas como non podía ser doutro xeito a súa proposta política e ética; pero ollo, porque se trata un dos autores máis manipulados² e descontextualizados – e mesmo menos lidos directamente - , tanto por detractores como por seguidores ata o punto que as proxeccións políticas dos marxistas contemporáneos – tanto na súa versión reformista como na revolucionaria –, tendo en conta ademais que a súa proposta fundamentalmente foi analítica e non propositiva.

¹ Escollo esta cita de Marx pertencente á 2ª das Teses sobre Feuerbach redactada en 1845, aínda que publicada en 1888, porque ven podería ser atribuída a Willian James e o concepto da verdade na súa pragmática. E sérveme para enmarcar un traballo [un tanto fantasioso] sobre a conexión entre o pensamento de Gramsci (seguramente o máis lucido marxista) e o pensamento de Willian James.

² Refírome a Marx, aínda que estaría ben aplicado a Gramsci

0. INTRODUCCIÓN. JAMES E GRAMSCI DOUS PESIMISTAS CARGADOS DE OPTIMISMO

Antonio Gramsci e William James viviron en épocas próximas pero en realidades moi diferentes: a Italia agraria e convulsiva de 'novecento' e a Norteamérica do desarrollismo de finais do século XIX, respectivamente.

William James (naceu o 11 de xaneiro de 1842, en Nova York, Estados Unidos e finou o 26 de agosto de 1910, en New Hampshire, Estados Unidos) foi un filósofo estadounidense cunha longa e brillante carreira na Universidade Harvard, onde foi profesor de psicoloxía. Viviu 58 anos.

Antonio Gramsci (naceu o 22 de xaneiro de 1891 en Ales-Cerdeña, Italia e finou o 27 de abril de 1937 en Roma, Italia) foi un filósofo, teórico marxista, político e xornalista. Malviviu 46 anos e morreu unha semana despois de ser posto en liberdade tras permanecer 8 anos na cadea.

Ambos tiveron unha infancia marcada polo pesimismo. James cunha forte depresión que o levou a un intento de suicidio; Gramsci condicionado pola prisión do seu pai acusado de estafa, pasa fame e ten que deixar varias veces os estudos, ademais tras unha caída aos tres anos vai ter problemas físicos que o acompañaran toda a vida.

Grandes pensadores poliédricos e polo tanto interpretables e utilizables.

Biografía e obra de William James

Representou un influente papel na difusión do pragmatismo. Por outra banda, o seu pensamento relaciónase cunha doutrina que el mesmo chamou **empirismo radical**.

Produciu por unha banda 'Principios de psicoloxía' (1890), obra monumental de psicoloxía científica, e doutra banda 'As variedades da experiencia relixiosa' (1902), pola que se lle considera como o fundador da "psicoloxía da relixión", culminación dunha traxectoria vital apaixonante. Entusiasta investigador dos procesos subliminares da conciencia e dos fenómenos paranormais, escandalizou ao mundo científico do seu tempo cando defendeu o exercicio libre dos healers (curandeiros ou sanadores mentais) e de terapias como a mind-cure.

En 1904 publicou 'Existe a conciencia?' onde pretendía demostrar que o dualismo tradicional entre suxeito e obxecto era unha barreira para unha sólida concepción da epistemoloxía e había que abandonar a autoconsciencia como unha entidade oposta ao mundo material.

En 1907 publica 'Pragmatismo: un novo nome para algúns antigos modos de pensar', onde expresa que o pragmatismo é un método para tranquilizar as disputas metafísicas que doutro xeito serían interminables.

James ten coidado de definir o pragmatismo como método. Por tanto, o seu libro non conduce a ningún resultado concreto senón que é un modo de enfrontarse ao mundo.

Biografía e obra Antonio Gramsci

Gramsci estudou na Universidade de Turín, onde recibiu a influencia intelectual de Croce e dos socialistas. En 1913 afiliouse ao Partido Socialista Italiano,

converténdose enseguida en dirixente da súa ala esquerda, fundando, xunto con Togliatti e Terracini, a revista *Ordine nuovo* (1919). Participa no movemento dos consellos de fábrica de Turín (1919-1920).

Ante a disxuntiva exposta aos socialistas de todo o mundo polo curso que tomaba a Revolución rusa, Gramsci optou por adherirse á liña comunista e, no Congreso de Livorno (1921), escindiuse co grupo que fundou o Partido Comunista Italiano. Impulsou e foi director do órgano de prensa oficial (*L'Unità*, 1924). Foi membro da executiva da Internacional Comunista.

No ano 1924, trala morte de Lenin, iniciase unha etapa crítica coa evolución dos acontecementos na URSS que se plasman nunha carta dirixida ao comité central do partido bolxevique no cal di: «hoxe vostedes están a destruír vosa propia obra e corren o risco de anular a función dirixente que o partido comunista da URSS conquistara [...] os vosos deberes rusos poden e deben ser levados a cabo só no cadro dos intereses do proletariado internacional».

O ano 1924 será decisivo para a historia de Italia e para o futuro de Gramsci. O 10 de xuño un grupo fascista rapta e mata ao deputado socialista Giacomo Matteotti, parece que o fascismo está por derrubarse pola indagación moral que naqueles tempos atravesaba o país, pero non é así pola división entre as forzas democráticas.

Do 20 ao 26 de xaneiro de 1926 desenvólvese clandestinamente en Lyon o III Congreso do Partido. O congreso aproba as teses presentadas por Gramsci por maioría absoluta, expulsa do partido ao grupo ultrasquerdista de Bordiga e elixe a Gramsci como secretario xeral do PCI.

O 31 de outubro de 1926 Mussolini sofre en Bolonia un atentado frustrado que é utilizado como pretexto para eliminar os últimos residuos de democracia. O 5 de novembro o goberno dissolve os partidos políticos de oposición e suprime a liberdade de prensa. O 8 de novembro Gramsci é arrestado.

No proceso colectivo contra vinte e dous dirixentes comunistas, iniciado en Roma o 28 de maio de 1928, Gramsci é acusado de actividade conspirativa, instigación á guerra civil, apoloxía de inire e incitación ao odio de clase.

O ministerio público Michele Isgro, en conclusión da súa requisitoria, declara que «por vinte anos debemos impedir a este cerebro funcionar» e de feito Gramsci é condenado a vinte anos, catro meses e cinco días de reclusión que cumprira na cárcere de Turín.

Entre o ano 1929 e o ano 1935 desenvolvera un traballo intelectual na cárcere que se plasma nos coñecidos como 'Quaderni del carcere'.

Gramsci non solicita en ningún momento a inmunidade parlamentaria que lle pondera liberar da cárcere. Tampouco conseguiu ningún beneficio penitenciario pola súa grave enfermidade, o morbo de Pott, ademais de principios de tuberculoses e de arterioscleroses.

A importante campaña internacional impulsada desde París por Romain Rolland e Henri Barbusse, obriga en outubro de 1934 a declarar por Mussolini unha petición de liberdade condicional pero estará recluso na clínica penal 'Quisisana' de Roma.

Non vai ser ata o 21 de abril de 1937 cando Gramsci adquira a plena liberdade pero está xa gravísimo morrendo seis días despois dunha hemorraxia cerebral.

Quaderni del carcere (1929-1935)

Os 32 Cadernos de cárcere, de complexas 2.848 páxinas, non foron destinadas para ser publicadas, conteñen reflexións e apuntamentos elaborados durante a súa reclusión, iniciados o 8 de febreiro de 1929, foron definitivamente interrompidas en agosto de 1935 polo empeoramento da saúde de Gramsci. Foron enumerados, sen ter en conta a súa cronoloxía, pola súa cuñada Tatiana Schucht que, xunto con Piero Sraffa, logrou subtraelos das inspeccións policíacas e entregalas ao banqueiro Raffaele Mattioli, secreto financiador das redaccións de Gramsci, o cal as confiou en Moscova a Palmiro Togliatti e aos outros dirixentes comunistas italianos.

Despois do final da guerra os Cadernos, revisados por Felice Platone, foron publicados pola casa editora Einaudi - unidas ás súas Cartas de cárcere remitidas aos familiares - en seis volumes, ordenados por argumentos homoxéneos, cos títulos:

- O materialismo Histórico e a filosofía de Benedetto Croce (1948)
- Os intelectuais e a organización da cultura (1949)
- Il Risorgimento (1949)
- Notas sobre Maquiavelo, sobre a política e sobre o Estado moderno (1949)
- Letteratura e vida nacional (1950)
- Pasado e Presente (1951)

En 1975 os Cadernos foron publicados con edición de Valentino Gerratana segundo a orde cronolóxica da súa elaboración. Foron recollidos en volume tamén todos os artigos escritos por Gramsci no Avanti!, no Grido do popolo e no Ordine nuovo.

1. CONEXIÓN [E DESCONEXIÓN] ENTRE O PENSAMENTO DE WILLIAN JAMES E ANTONIO GRAMSCI

De Willian James, Gramsci tiña lido 'principios de psicoloxía' tal como se recolle nunha carta remitida por el e con data do 25 de marzo de 1929 onde o recomenda como 'o mellor tratado de psicoloxía'.

Con toda seguridade que leu outras obras de James e desde logo coñecía a fondo as obras dos pragmatistas italianos: Mario Calderoni e Giovanni Vailati, e sobre todo a obra 'Il pragmatismo' de Giovanni Papini

No caderno 17 de 'Quaderni del carcere', Gramsci fai un referencia critica do pragmatismo:

“ do pragmatismo pódese dicir o mesmo que dicía Engels sobre o agnosticismo inglés no prefacio da súa obra 'do socialismo utópico ao socialismo científico'.³

“A sociedade norteamericana imbuída de pragmatismo non é capaz de disociar verdade e utilidade, moral e relixión...”

Pero entón porque o meu empeño en relacionar dous pensamentos filosóficos aparentemente tan distantes: materialista un o outro non, individualista un, social o outro.

Creo que poden existir concomitancias⁴ [practicas] aínda que de seguro son refutables e como dicía ao principio son máis froito da imaxinación do mesmo xeito que imaxinativa e a 'certeza' estendida (aínda que negada polo irmán de Gramsci) que no leito de morte solicitou a extremaución e converteuse ao cristianismo.

A. Filosofía das persoas

Gramsci e James parten das persoas e a súa visión do mundo como punto de partida do seu pensamento. Non hai unha caste de filósofos ou intelectuais que elaboran pensamento para si mesmos senón que cada quen ten a súa propia filosofía.

Segundo James todos temos a nosa filosofía:

“Sei que todos e cada un ... teñen unha filosofía e que a cousa máis importante e interesante en vostedes é o modo con que determinan a perspectiva dos seus diversos mundos. [...] A filosofía, que é tan importante en cada un de nós, non é un asunto técnico. É un sentimento máis ou menos silencioso do que a vida significa, honrada e profundamente sentida.

³ Refírese á referencia que sitúa ao agnosticismo como un materialismo avergónante

⁴ Non quero deixar pasar a ocasión para advertir que outro marxista importante da mesma época e que viviu o proceso do auxe do fascismo italiano como foi o grande pensador marxista peruano Jose Carlos Mariategui si que ten un contacto profundo coa obra de William James e do pragmatismo norteamericano, ata o punto de que existen autores que plantexan unha evolución da súa epistemoloxía desde o marxismo ata o pragmatismo [pero en todo caso ese non é o tema deste traballo]

En canto establécese unha controversia en calquera sitio sobre o libre albedrío, a omnisciencia de Deus, o ben ou o mal, todo o mundo aplica o oído.

Os resultados da filosofía aféctannos de maneira vital e aínda os máis estraños argumentos filosóficos alagan o noso sentido da sutileza e o enxeño.

A filosofía é á vez o máis sublime e o máis trivial dos afáns humanos. Acomete as máis finas sutilezas e asómase ás perspectivas máis amplas. Non nos dá para comer, como se adoita dicir, pero inspira valor aos nosos espíritos. e aínda que pareza, á xente ignorante, envurullada na súa linguaxe, disputas e argumentacións, ningún de nós pode dar un paso sen ser guiado polos escintileos de luz que envía sobre as perspectivas do mundo.”⁵

Para Gramsci, todos os homes son intelectuais, aínda que dándolle unha perspectiva social, considerando que:

“Non hai actividade humana da cal se poida excluír de toda intervención intelectual, non se pode separar ao homo faber do homo sapiens” en canto, independentemente da súa profesión específica, cada quen é ao seu modo “un filósofo, un artista, un home de gusto, participa dunha concepción do mundo, ten unha consciente liña moral” pero non todos os homes teñen na sociedade a función de intelectuais.

Historicamente fórmanse categorías particulares de intelectuais, “especialmente en conexión cos grupos sociais máis importantes e sofren elaboracións máis extensas e complexas en conexión co grupo social dominante”. Un grupo social que tende á hexemonía loita “pola asimilación e a conquista ideolóxica dos intelectuais tradicionais... tanto máis rápida e eficaz canto máis o grupo dado elabora simultaneamente os propios intelectuais orgánicos”

O grupo social emerxente, que loita por conquistar a hexemonía política, tende a conquistar a propia ideoloxía intelectual tradicional mentres, ao mesmo tempo, forma as súas propios intelectuais orgánicos.

A organicidade do intelectual mídese coa maior ou menor conexión que mantén co grupo social ao cal se refire: eles operan, tanto na sociedade civil “o conxunto dos organismos privados nos cales se debaten e difúndense as ideoloxías necesarias para a adquisición do consenso que aparentemente xorde espontaneamente das grandes masas da poboación ás decisións do grupo social dominante” que na sociedade política ou estado, onde se exercita o “dominio directo ou de mando que se expresa no Estado e no goberno xurídico”. Os intelectuais son algo así como “os apostadores do grupo dominante para o exercicio das funcións subalternas da hexemonía social e do goberno político”.⁶

B. A importancia na vida da xente da filosofía. A utilidade practica

Gramsci bautiza o seu pensamento como ‘Filosofía da Praxe’ nos seus ‘caderni del carcere’ (1929-1935), en parte para escapar da censura, pero sobre todo como unha reivindicación: a da praxis, a relación dialéctica entre a teoría e a practica, isto é a teoría como elemento ao servizo dun programa de acción de cambio.

Gramsci conecta directamente co Marx filósofo que cando di,na XI teses sobre Feuerbach: “Os filósofos non fixeron máis que interpretar de diversos xeitos o mundo,

⁵ Da conferencia ‘O dilema actual da filosofía’

⁶ Quaderni del carcere

pero do que se trata e de transformalo”, bon o fai como un menosprezo aos pensadores previos senón como unha reivindicación da ‘utilidade’ da filosofía.

Obviamente se trata dunha utilidade colectiva ou social fronte a utilidade individual que define o pragmatismo de James cando di:

“O mundo das experiencias concretas persoais, ao que pertence a rúa, é múltiple até o infinito, embrollado, fangoso, cheo de dores e vacilacións. O mundo en que nos introduce o profesor de filosofía é sinxelo, limpo e nobre. As contradicións da vida real están ausentes del. A súa arquitectura é clásica. Os principios da razón trazan os seus esquemas, as necesidades lóxicas unen as súas partes. Expresan pureza e dignidade. É unha especie de templo de mármore, brillando sobre un outeiro. [en palabras dun alumno que lle envía unha carta]

Os filósofos operan con sombras, mentres que os que viven e senten coñecen a verdade.”⁷

“Sorprende realmente advertir cantas discusións filosóficas perderían a súa significación se as sometesen a esta sinxela proba de sinalar unha consecuencia concreta. Non pode haber aquí unha diferenza que non repercuta noutra parte: non pode existir diferenza nunha verdade abstracta que non teña a súa expresión nun feito concreto e na conduta consecuente sobre o feito, imposta sobre alguén, dalgún modo, en algures e nalgún tempo. Toda a función da filosofía debería consistir en achar que diferenzas ocorreríannos, en determinados instantes da nosa vida, se fose certa esta ou aquela fórmula achega do mundo.”⁸

Pero Gramsci vai moito máis ala nesta utilidade social do pensamento. A Gramsci lle preocupan a hexemonía cultural que esta en disputa na sociedade entre a clase dominante e as clases subalternas.

E é na superestrutura ideolóxica e cultural onde se libra a batalla pola hexemonía e onde se configura o bloque hexemónico.

Segundo ese concepto, o poder das clases dominantes sobre o proletariado e todas as clases sometidas no modo de produción capitalista, non está dado simplemente polo control dos aparellos represivos do Estado, devandito poder está dado fundamentalmente pola "hexemonía" cultural que as clases dominantes logran exercer sobre as clases sometidas, a través do control do sistema educativo, das institucións relixiosas e dos medios de comunicación. A través destes medios, as clases dominantes "educan" aos dominados para que estes vivan o seu sometemento e a supremacía das primeiras como algo natural e conveniente, inhibindo así a súa potencialidade revolucionaria. Nese esquema ou concepto nacional xoga un papel central pois xera un sentimento de identificación sobre a construción dun ‘destino nacional’. A burguesía e que de conformar e liderar un "bloque hexemónico" que amalgama a todas as clases sociais ao redor do seu proxecto.

A supremacía dun grupo social maniféstase en dous modos, como dominio e como dirección intelectual e ética. Un grupo social é dominante dos grupos adversarios que tende a liquidar ou a someter até coa forza armada e é dirixente de grupos afíns e aliados. Un grupo social pode e debe ser dirixente desde antes de conquistar o poder gobernamental (esta é unha das condicións principais para a mesma conquista do

⁷ Da conferencia O dilema actual da filosofía

⁸ Da conferencia Pragmatismo

poder); despois, cando exercita o poder ... vólvese dominante pero debe continuar sendo dirixente.

A hexemonía é, por tanto, o exercicio das funcións de dirección intelectual e ética unida a aquela do dominio do poder político. O problema para Gramsci está en comprender como pode o proletariado ou en xeral unha clase dominada, subalterna, volverse clase dirixente e exercitar o poder político, ou converterse nunha clase hexemónica.

A crise da hexemonía maniféstase cando, aínda que mantendo o propio dominio, as clases sociais politicamente dominantes non logran máis ser dirixentes de todas as clases sociais, ou sexa non logran resolver os problemas de toda a colectividade e impor a toda a sociedade a propia complexa concepción do mundo. A clase social subalterna se logra indicar concretas solucións aos problemas deixados irresolutos vólvese dirixente e, incrementando a súa propia cosmovisión tamén a outros estratos sociais, crea un novo bloque social, volvéndose hexemónico. O momento revolucionario aparece inicialmente, segundo Gramsci, a nivel de superestrutura, en sentido marxista, é dicir, político, cultural, ideal, moral, pero traspasa á sociedade na súa complexidade, empurrando até a súa estrutura económica, ou sexa empurrando a todo o bloque histórico, termo que para Gramsci indica o conglomerado da estrutura e da superestrutura, as relacións sociais de produción e os seus reflexos ideolóxicos.

O propio activista das clases subalternas - segundo Gramsci – “non ten unha clara conciencia teórica da súa forma de obrar ... a súa conciencia teórica até pode estar en contraste coa súa forma de obrar”; actúa e ao mesmo tempo ten unha conciencia teórica herdada do pasado, acollida polo máis nun modo acrítico. A real comprensión crítica de si mesmo ocorre “a través dunha loita de hexemonías políticas, de direccións contrastantes, primeiro no campo da ética, logo da política para chegar a unha elaboración superior da propia concepción real”. A conciencia política, é dicir o ser parte dun determinante forza hexemónica, é a primeira fase para unha ulterior e progresiva autoconciencia onde teoría e práctica finalmente únense.

C. A crítica ao racionalismo dogmático

Segundo James, a pragmática é a filosofía do que lle serve ao home (filosofía nova ao servizo das persoas e síntese en o racionalismo ‘delicado’ e o empirismo ‘rudo’)

James define a súa pragmática como o empirismo radical

Para James existe o espírito delicado [racionalista] e espírito rudo [empirista], pero a vida é máis complexa e soamente nas posicións radicais mantéñense esas posicións extremas:

“Os leigos filosóficos vulgares nunca son tan radicais, nunca seguen tan rigorosamente o seu sistema, senón que viven vagamente dun ou outro modo, acomodándose ás esixencias do momento.”

“Nunca houbo tantos homes de tendencias decididamente empiristas como existen na actualidade. Pode dicirse que os nosos fillos nacen case científicos. Con todo, a nosa estimación polos feitos non neutralizou en nós toda relixiosidade. É en si mesma case relixiosa. O noso temperamento científico é devoto.

Durante cento cincuenta anos o progreso da ciencia pareceu significar o acrecentamento do universo material e a diminución da importancia do home. O resultado é o que pode chamarse a aparición do sentimento positivista ou naturalista. O home non dá leis á Natureza, senón que as recibe. Ela é quen se mantén firme e el o que debe acomodarse. El ten que rexistrar a verdade, por inhumana que sexa, e someterse a ela. A espontaneidade romántica e o valor desaparecen; a visión é materialista e deprimente.”⁹

Aínda que sobre todo carga contra o racionalismo:

“O racionalista, finalmente, será de temperamento dogmático nas súas afirmacións, mentres que o empirista parecerá máis escéptico e aberto á discusión.”

Para James “A maldade das partes é innegable, pero o todo non pode ser malo: así, un pesimismo práctico combinarase cun optimismo metafísico”¹⁰

Para James as persoas “Desexan un sistema que combine ambas as cousas, a lealdade científica aos feitos e o desexo de telos en conta, o espírito de adaptación e acomodación, en resumo, pero tamén a vella confianza nos valores humanos e a espontaneidade resultante, sexa de tipo relixioso ou romántico.”

Gramsci apela ao Marx filósofo – naturalista e humanista – e o científico – empirista, para cargar contra o economicismo (de tintes racionalistas) que parte de cuestións obxectivas e deixa de lado o papel subxectivo das persoas.

No artigo 'A Revolución contra O Capital ' (1927), Gramsci afirma que a revolución bolxevique representaba unha revolución contra o libro clásico de Karl Marx, xa que incumpre varias premisas ao efectuarse unha revolución socialista nun país atrasado como Rusia que non reunía a condicións económicas e sociais que se consideraban indispensables para o tránsito ao socialismo. Pero a continuación aclara que o principio da primordialidade das relacións de produción son unha malinterpretación do marxismo. Tanto os cambios económicos como os cambios culturais son expresións dun 'proceso histórico básico', e é difícil dicir que esfera ten máis importancia.

A crenza, común entre o movemento obreiro nos seus primeiros anos, de que o triunfo revolucionario é inevitablemente debido a 'leis históricas', é, para Gramsci, un erro. A transformación social non pode confiarse a 'leis históricas invisibles como os axentes do cambio social. “A historia está definida pola praxe humana e por tanto inclúe o albedrío humano”. Con todo, o poder da vontade ten que apoiarse nunha situación determinada: cando a consciencia da clase obreira alcance o nivel de desenvolvemento necesario para a revolución, as circunstancias históricas que se atopen serán tales que non se poderán alterar arbitrariamente.

Non existe inevitabilidade histórica (obxectiva e racional) senón existe vontade subxectiva de cambio.

D. A busca da verdade: relativismo e/ou idealismo

Tanto en Gramsci como en James a filosofía plantexase como un método e a verdade como un medio non como fin.

⁹ Das conferencias 'O dilema actual da filosofía' e 'Pragmatismo'

¹⁰ Gramsci curiosamente expón na súa celebre frase esta dicotomía ao revés: “**Ao pesimismo dá razón hai que sumar ou optimismo dá vontade**”

Segundo James: "O pragmatismo sería, pois, en primeiro lugar, un método, e, en segundo, unha teoría xenética do que se entende por verdade"

Duas son as liñas centrais do pensamento pragmático:

a razón como un medio e non como un fin,

"A posesión da verdade, lonxe de ser aquí un fin en si mesmo é soamente un medio preliminar cara a outras satisfaccións vitais."

e, a utilidade mesma da verdade,

*"é útil porque é verdadeira ou que é verdadeira porque é útil."*¹¹

Para Gramsci o pensamento marxista é unha metodoloxía de combinación entre teoría e práctica.

Gramsci é moi crítico coa visión da verdade rematada (coincidindo con James): A maioría dos marxistas sosteñen a opinión de sentido común de que a verdade é a verdade sen importar cando e onde se lles expoña, e que o coñecemento científico (que inclúe ao marxismo) acumúlase historicamente como o progreso da verdade neste sentido cotián, e por tanto non pertencía ao dominio ilusorio da superestrutura. Para Gramsci, con todo, o marxismo era 'verdadeiro' no sentido pragmático social, en que, ao articular a conciencia de clase do proletariado, expresa a 'verdade' da súa época mellor que ningunha outra teoría.

Esta posición ten sido vista como unha especie de relativismo en Gramsci, froito da filosofía presentista de Benedetto Croce, pero nada máis lonxe da realidade.

Coa súa crenza de que a historia humana e a 'praxe' colectiva determinan se unha cuestión filosófica é relevante ou non, Gramsci oponse ao materialismo metafísico e sigue a teoría da percepción desenvolvida por Engels e Lenin.

Para Gramsci, o marxismo non lidia cunha realidade que existe por si mesma, independente da humanidade. O concepto dun universo obxectivo fóra da historia humana e fóra da práctica humana era para el análogo á crenza nun deus. A historia natural é só relevante en relación á historia humana.¹² O materialismo filosófico, como o 'sentido común' primitivo, comparable á superstición relixiosa. Gramsci resígnase á existencia desta forma 'crúa' de marxismo: é status do proletariado como clase dependente implica que con frecuencia o marxismo, como a súa representación teórica, só poida ser expresado na forma de superstición popular e sentido común.

Gramsci dá un paso adiante no terreo epistemolóxico ao afirmar que "o marxismo tamén é unha superestrutura", o que quere dicir que non é exactamente a verdade, senón un punto de vista que, como todo punto de vista pode ter as súas falacias. Ao oponse ao realismo epistemolóxico e ao positivismo, abre paso a un grao maior de relativismo epistemolóxico, que non constitúe para Gramsci unha renuncia ética ou

¹¹ Da conferencia 'pragmatismo e verdade'

¹² A socioloxía do coñecemento aplicada por Gramsci ten tido unha grande repercusión na historiografía contemporánea

política, senón a asunción cabal do carácter provisorio e construído do coñecemento humano.¹³

E. O Humanismo

O humanismo de Gramsci é social e ven dunha tradición naturalista namentres que o humanismo de James e 'relixioso ou romántico'

Gramsci estudou cumpridamente o papel dos intelectuais na sociedade distinguindo entre a 'intelligentsia' tradicional, que se ve a si mesma (erroneamente) como unha clase á parte da sociedade, e os grupos de pensadores que cada clase social produce 'organicamente' das súas propias filas. Devanditos intelectuais 'orgánicos non se limitan a describir a vida social de acordo a regras científicas, senón máis ben 'expresan', mediante a linguaxe da cultura, as experiencias e o sentir que as masas non poden articular por si mesmas. A necesidade de crear unha cultura obreira relaciónase co chamado de Gramsci por unha educación capaz de desenvolver intelectuais obreiros, que compartan a paixón das masas.

Para James "Non existe a realidade, senón soamente a nosa crenza acerca da realidade, conterá esta elementos humanos, pero estes coñecerán o elemento non humano no sentido exclusivo en que pode existir coñecemento de algo. Fai o río as súas beiras, ou polo contrario as beiras fan ao río?. Anda un home máis esencialmente coa súa perna dereita que coa esquerda? Iguamente imposible será separar os factores humanos dos reais no desenvolvemento das nosas experiencias cognitivas. Non parece paradoxal a breve indicación exposta da posición humanística? Se é así, probarei a facela plausible cunhas poucas ilustracións que nos conducirán a un coñecemento máis completo da cuestión."¹⁴

James vai ter grande influencian na pedagogía liberal de Dewey namentres que Gramsci moveuse no ámbito da pedagogía crítica e na súa obra están algunhas das ideas centrais da pedagogía do oprimido de Paulo Freire.

F. Dialectica [hegeliana] e plasticidade

Ambos autores beben da dialéctica hegeliana, pero Gramsci plantexa a súa dialéctica como unha dialéctica de contrarios, isto é conformada por contradicións necesarias a resolver de xeito superadora, namentres que a plasticidade de James é unha dialéctica de diferentes, igual que en B. Croce, libre de contradicións que necesitan ser superadas.

Para James o pragmatismo non amosa unha realidade acabada, nin unha verdade absoluta, senón que temos unha parte da verdade nunha realidade plástica e cambiante: "O espírito racionalista, considerado radicalmente, é de natureza doutrinaria e autoritaria: a frase debe ser está sempre nos seus beizos. O cinto do seu Universo debe estar ben axustado. Doutra banda, un pragmatista radical é unha especie de anarquista que camiña feliz a 'la buena de Dios'."¹⁵

Gramsci, desde os anos universitarios, foi un decidido opositor daquela concepción fatalista e positivista do marxismo, presente no vello partido socialista, para a cal o

¹³ Non debemos esquecer, non obstante, que para Marx tamén a ideoloxía é unha superestrutura 'falsa' ao servizo, na maioría das veces, das clases dominantes.

¹⁴ Da conferencia 'Pragmatismo e humanismo'

¹⁵ Da conferencia 'Pragmatismo e humanismo'

capitalismo necesariamente estaba destinado a caer, dando lugar a unha sociedade socialista. Esta concepción enmascaraba a impotencia política do partido da clase subalterna, incapaz de tomar a iniciativa para a conquista da hexemonía.

Aínda que o manual do bolxevique ruso Nikolai Bucharin, editado en 1921, A teoría do materialismo histórico, manual popular de socioloxía, colócase no mesmo filón. «A socioloxía foi un intento de crear un método da ciencia histórico-política, en dependencia dun sistema filosófico xa elaborado, o positivismo evolucionista... converteuse na filosofía dos nosos filósofos, un intento de describir e clasificar esquematicamente os feitos históricos, segundo criterios construídos sobre o modelo das ciencias naturais. A Socioloxía é pois un intento de recadar experimentalmente as leis de evolución da sociedade humana en modo de prever o advenimento coa mesma certeza co cal se prevé que dunha landra desenvolverase unha aciñeira. O evolucionismo vulgar está á base da socioloxía que non pode coñecer o principio dialéctico coa pasaxe da cantidade á calidade, pasaxe que turba cada evolución e cada lei de uniformidade entendida en sentido vulgarmente evolucionista».

A dialéctica é pois instrumento de investigación histórica, que supera a visión mecanicista da realidade, é unión de teoría e praxe, de coñecemento e acción. A dialéctica é «doutrina do coñecemento e sustancia medular da historiografía e da ciencia da política» e pode ser comprendida só concibindo o marxismo «como unha filosofía integral e orixinal que inicia unha nova fase na historia e no desenvolvemento mundial en canto supera (e superando inclúe en si os elementos vitais) tanto ao idealismo coma o materialismo tradicionais expresión de vellas sociedades. Se a filosofía da praxe [o marxismo] non está pensada como subordinada a outra filosofía, non se pode concibir a nova dialéctica, na cal precisamente aquela superación efectúase e exprésase».

O vello materialismo é metafísico, para o sentido común a realidade é obxectiva, independente do suxeito, existente independentemente do home, é un obvio axioma, confortado pola afirmación da relixión pola cal o mundo, creado por Deus, atópase xa dado de fronte a nós. Pero para Gramsci, son excluídos os idealismos, tamén é rexeitada «a concepción da realidade obxectiva do mundo externo na súa forma máis trivial e acrítica» desde o momento que «a esta pode ser oposta a obxección do misticismo». Se nós coñecemos a realidade en canto homes, e sendo nós mesmos un devir histórica, tamén a conciencia e a realidade son un devir.

Como podería de feito existir unha obxectividade extra histórica e extrahumana e quen xulgará tal obxectividade? «A formulación de Engels que a unidade do mundo consiste na materialidade demostrada polo longo e laborioso desenvolvemento da filosofía das ciencias naturais contén precisamente o xerme da concepción xusta, porque se recorre á historia e ao home para demostrar a realidade obxectiva. [...]. O home coñece obxectivamente en canto o coñecemento é real para todo o xénero humano historicamente unificado nun sistema cultural unitario, pero este proceso de unificación histórica ocorre coa desaparición das contradicións internas que esnaquizan a sociedade humana, contradicións que son a condición da formación dos grupos e do nacemento das ideoloxías [...]. Hai pois unha loita pola obxectividade (para librarse das ideoloxías parciais e falaces) e esta loita é a mesma loita para a unificación cultural do xénero humano».¹⁶

¹⁶ De Quaderni del carcere

2. CONCLUSIÓN

“O proletariado é revolucionario fronte á burguesía, porque xurdindo sobre a base da gran industria, aspira a desposuír á produción do seu carácter capitalista, que a burguesía quere perpetuar.

Pero o Manifesto engade que as "capas medias . . . vólvense revolucionarias cando teñen ante si a perspectiva do seu tránsito inminente ao proletariado".

Por tanto, desde este punto de vista, é tamén absurdo dicir que fronte á clase obreira 'non forman máis que unha masa reaccionaria', xuntamente coa burguesía e mesmo cos señores feudais.

É que nas últimas eleccións gritouse aos artesáns, aos pequenos industriais, etc., e aos campesiños: Fronte a nós, non formades, xuntamente cos burgueses e os señores feudais, máis que unha masa reaccionaria?

Lassalle sabíase de memoria o Manifesto Comunista, como os seus devotos sábense os evanxeos compostos por el. Así, pois, cando o falsificaba tan burdamente, non podía facelo máis que para conciliar a súa alianza cos adversarios absolutistas e feudais contra a burguesía.”¹⁷

Lamentablemente cando Marx escribe no ano 1875 a crítica ao programa de Ghotia que vai a orientar a liña política do recién creado primeiro partido socialdemócrata unificado alemán, xa era consciente de dous problemas relacionados dialecticamente: o economicismo e o obreirismo.

Gramsci, e outros marxistas, intentaron recuperar a Marx do lodo onde os seus seguidores o tiñan metido, liberando o marxismo do determinismo e do obxectivismo e remprazando de novo o papel do individuo e das clases como individuos agrupados e organizados.

Como dicía na introdución deste traballo, Marx é un autor moi referenciado pero pouco lido, moi ocultado polos seus inimigos e moi deformado polos seus seguidores, co cal é difícil ser optimista en canto a ese traballo de rehabilitación que no inicio do século pasado comezou Gramsci e outros autores.

A resposta de Georg Lukacs , durante unha entrevista nos anos setenta, tampouco deixa motivos para o optimismo:

“Nos anos vinte, Korsch, Gramsci e eu mesmo intentamos, cada un ao seu modo, enfrontarnos co problema da necesidade social e coa súa interpretación mecanicista, herdada da II internacional. Herdamos o problema pero ningún de nos – nin tan sequera Gramsci que era o mellor dotado dos tres – soubo resolvelo.”

Nota final: Comparar a obra de James e Gramsci so servíame, unha vez máis, de excusa para seguir afondando na interpretación gramsciana do pensamento de Marx, na súa versión máis dialéctica e máis transformadora.

¹⁷ De “crítica ao programa de Ghotia”, 1875. K. Marx